EXERCICIOS DE APOIO (SECCIÓN 9ª)

Volve a ler con atención o documento base desta sección e despois realiza os exercicios que veñen a continuación:

1.- O concepto de Estado.

2.- Diferentes concepcións filosófica do Estado.

3.- Factores conformadores do Estado moderno.

4.- Formas evolutivas do Estado moderno.

5.- A nova lexitimación do Estado moderno.

6.- A concepción de Hobbes.

7.- O teoría de Locke.

8.- O contrato social de Rousseau.

9.- A sociedade civil: diferentes perspectivas.

10.- Logros e límites do Estado moderno.

Respostas:

1.-Dun xeito moi xeral, pódese definir o Estado como o conxunto de institucións políticas, administrativas e xurídicas que rexen unha sociedade.

- Segundo certos autores (xeralmente os antropólogos e os historiadores) chega con que exista nunha sociedade unha centralización do poder e unha distinción entre gobernantes e gobernados para poder falar de Estado.
- Outros autores, pola contra, (xeralmente os xuristas e os politólogos) limitan o termo -e o concepto- de Estado á forma de organización política moderna xurdida a partir do século XVI, caracterizada por: poder político centralizado, ordenamento xurídico unitario dentro dun territorio ben definido, aparato coactivo controlado e monopolizado polo poder político, organización burocrático, administrativa e fiscal, etc.

2.- Existen dúas concepcións filosóficas de fondo:

a) Por un lado está a concepción do Estado como un *organismo,* como un "Todo" *anterior* aos individuos e do que estes forman parte: os individuos son só "membros" ou partes insertas no Estado, que é algo natural e anterior a eles.
b) Por outro lado, está a concepción do Estado como un *artificio*, como un "Contrato" establecido pola vontade dos individuos e, polo tanto,

posterior a eles. Dende este enfoque os individuos son irredutibles ao Estado, que non é mais que un artefacto, aínda que útil e xustificable para defender a súa liberdade e seguridade.

3.- Na aparición e conformación do Estado moderno foron decisivos tres factores:

a) O uso e control das armas de fogo, que permitiron fortalecer o poder dos reis ata facelo absoluto, co conseguinte desenvolvemento dun aparato burocrático, administrativo e fiscal centralizado.
b) A nova economía de acumulación capitalista que, favorecida e protexida polos novos Estados, contribuíu á súa consolidación aportando os recursos económicos necesarios para os gastos da guerra, da administración, da burocracia, etc.
c) A aparición de ideas democratizadoras en correspondencia co novo papel da burguesía capitalista.

4.- As principais fases da evolución do Estado moderno son as seguintes:

a) A Monarquía absoluta (s. XVI-XVIII), que pon as bases do Estado moderno.
b) O Estado liberal clásico (s. XIX), que nace das revolucións burguesas.
c) O Estado social de benestar (s.XX), que se vai forxando como consecuencia dos desaxustes sociais e económicos creados polo liberalismo económico e que introduce un catálogo de dereitos sociais, económicos e democráticos nas Constitucións.

5.- Coa Modernidade, e da man da burguesía, aséntase a idea de liberdade e igualdade natural do tódolos individuos. Esta nova mentalidade acaba coa teoría da orixe divina do poder e empeza a formular a teoría do contrato social como única alternativa lóxica para lexitimar o poder político.

6.- Para Hobbes, no estado de natureza os homes serían libres e iguais e loitarían polo seu beneficio nunha guerra de todos contra todos; polo que sería mais vantaxoso para eles establecer un poder político que garanta a orde e paz social. A este poder (Estado) deberanlle entregar a súa liberdade sen posible volta a tras nin reserva de control sobre o mesmo (Poder absoluto).

7.- Para Locke, no estado de natureza todos os homes teñen uns dereitos naturais (á liberdade, á vida, a propiedade...) pero o seu goce é incerto, polo que deciden establecer un poder (Estado) que os defenda e garanta. Pero o poder do Estado só é prestado e debe ser controlado sempre polos individuos que o estableceron, a fin de que non se extralimite nesa función (Estado liberal).

8.- Para Rousseau, no estado de natureza tódolos homes serían libre e iguais, e tamén felices e inocentes. Pero nel vivían moi precariamente polo que deberon abandonalo. Co abandono apareceu a propiedade e desenvolveuse

o egoísmo que perturba a felicidade social. Polo que deberían re-fundar a sociedade sobre un contrato non egoísta que só teña en conta a o interese común formulado na vontade xeral (Estado democrático participativo).

9.- Por "sociedade civil" enténdese modernamente a esfera non intervida polo Estado (relacións económicas, ideolóxicas, relixiosas, etc), isto é a esfera non política. A forma de delimitala e valorala é diferente segundo o enfoque ideolóxico e filosófico.

- Para o pensamento liberal, o Estado só ten como función protexer a sociedade civil.
- Para o pensamento anarquista e marxista, o Estado non é mais que un instrumento da clase dominante para defender os seus intereses; cando esta dominación desapareza o Estado non será xa necesario.

10.- O Estado Moderno logrou avanzar nun dobre obxectivo:

a) a consolidación dun modelo de lexitimidade secularizado, e

b) unha maior conciencia de colectividade das súas respectivas sociedades.

Pero os fenómenos da globalización pñen de manifesto claramente as limitacións actuais dos Estados e a necesidade de desenvolver estruturas e institucións políticas supraestatais de carácter internacional.